

PERMISO DO PROXENITOR DIFERENTE DA NAI BIOLÓXICA POR NACEMENTO, ACOLLEMENTO, GARDA CON FINS DE ADOPCIÓN OU ADOPCIÓN DUN FILLO/A

DURACIÓN	• 16 semanas (obrigatorio 6 semanas inmediatamente posteriores ao feito causante)
SOLICITUDE	● Xefatura Territorial ● Anexo IV ● Fotocopia cotexada da partida de nacemento ● Prazo de resolución: 10 días hábiles
OBSERVACIÓNS	• Retribuído integramente. • Ampliación de 1 semana no supostos de discapacidade do fillo/a ou por cada fillo/a a partir do segundo en parto múltiple. • No caso de parto prematuro ou outra causa en que o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto (iniciado durante os 30 días naturais seguintes ao mesmo) ampliarase en tantos días como o neonato estea hospitalizado ata un máximo de 13 semanas adicionais. • Poderá gozalo o outro membro da parella, a continuación do permiso por parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento por non ter filiación do outro proxenitor, falecemento do outro proxenitor ou caso de familia monoparental. • Poderá usarse a xornada completa ou tempo parcial cando as necesidades do servizo o permitan. • Se non traballan os dous proxenitores, o permiso terá que gozarse de forma ininterrompida. • No caso de que ambos proxenitores traballen poderase gozarse: • De maneira ininterrompida. • De maneira interrompida: ➔ Desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao parto ata que cumpra 12 meses, por semanas completas e con preaviso de polo menos 15 días. ➔ No caso de que se optase polo gozo deste permiso con posterioridade á finalización do permiso por nacemento, se o proxenitor que goza deste último permiso solicita a acumulación da lactación será á finalización deste periodo cando se dará inicio ao gozo das 10 semanas restantes do permiso do outro proxenitor diferente da nai biolóxica. • Cando a totalidade ou parte deste permiso coincida no mes de agosto, poderase gozar dos días correspondentes as vacacións ao rematar o permiso xa que neste caso non se consideran gozadas no mes de xullo • No suposto de falecemento do fillo ou filla, o período de duración do permiso non se verá reducido agás que unha vez finalizadas as 6 semanas de descanso obrigatorio se solicite a reincorporación • Durante o gozo deste permiso, poderá participar en cursos de formación que convoque a administración unha vez finalizado o período de descanso obrigatorio.
REFERENCIA LEXISLATIVA	• Orde 29/01/2016: artigos 19 e 29 • Lei 2/2015: artigo 124 • Real decreto-lei 6/2019, do 1 de marzo, artigo 3